



## DEPUTADA CON DELEGACIÓN ESPECIAL EN POLÍTICAS DE IGUALDADE DE XÉNERO

### Asunto: Proposta de modificación da RPT Igualdade

Desde a área de igualdade da Deputación da Coruña propoñemos unha serie de cambios que afectarían ao servizo de acción social, cultura e deportes .

En primeiro lugar desde Igualdade consideramos necesario que o servizo pase a chamarse Acción social, igualdade, cultura, deportes e dereitos civís.

A seguir consideramos que tendo en conta o volume moi importante de traballo que desde Igualdade se vén realizando nos últimos anos ( achegamos memoria das actividades 2019-2023) na que se observa a necesidade de reorganizar o servizo para un funcionamento máis operativo, áxil e similar ao que se desenvolven no resto de servizos da Deputación da Coruña. A maiores neste mandato creouse tamén unha nova área que é a de dereitos civís, que ten orzamento propio e na que xa estamos facendo programación, polo que se vai incrementar tamén o traballo de tramitación de expedientes nos vindeiro meses.

Por todo isto, consideramos que está plenamente xustificada esta reorganización.

Creación da xefatura de sección de igualdade e dereitos civís. Nesta liña, e tendo en conta que xa existe creada na RPT a praza de Técnica de Igualdade, debería sacarse na seguinte oferta pública de emprego esta praza para refozar o servizo, e ademáis da xefatura de negociado de igualdade, consideramos tamén que se debería ter persoal administrativo propio para esta sección.

Soledad Agra Tuñas

Deputada con delegación especial en políticas de igualdade de xénero

A Coruña, 20 de setembro de 2024